

Vilariño Merece Máis!



Eloi Devesa, candidato á Alcaldía
con Uxía Calvelo, candidata de Vilariño

Vilariño

O que urxe facer...

O concello de Teo sofre hoxe moitas eivas e problemáticas derivadas dun crecemento urbanístico desordenado e deshumanizado. Esta situación, unida á falta de proxectos globais que involucren a veciñanza asentadas nas zonas rurais, son causa importante do freo ao progreso integral de Teo.

Ante esta situación, desde o BNG queremos implementar unha serie de políticas activas de dinamización que consideramos esenciais para rachar cos nosos males endémicos e cohesionar as distintas parroquias nun único ente que sexa reflexo da súa pluralidade. Estas medidas están recollidas no noso programa marco para Teo.

O noso contrato con Teo é plural e debe ter en conta as necesidades específicas das distintas parroquias para non deixar a ninguén atrás.

Porque Teo merece máis, en Vilariño...

- ▶ Prestaremos especial atención á seguridade viaria, porque **Vilariño carece de bandas para a redución da velocidade**. Tamén é necesario limpar e asfaltar o campo da festa e a estrada que vai de Cerdeira a Pontevea.
- ▶ Promoveremos o arranxo e mantemento da **vella escola**.
- ▶ Realizaremos as xestión necesarias para **lograr que a xunta amplíe a estrada que vai desde o Alto da Veiga até Oza**.
- ▶ Investiremos no **saneamento das casas de Vilariño que aínda non o teñan**. Así como na creación de infraestruturas como as cunetas onde se precisen.
- ▶ Promoveremos a **mellora do servizo de transporte**, para que chegue o Teobus, e do servizo eléctrico.
- ▶ **Fomentaremos a realización de actividades para as persoas maiores**.

Con esas propostas queremos dar **#unpasoadiante para que Vilariño avance** con Teo.

Máis Concellos BNG!

O BNG presenta unha candidatura formada por persoas competentes, ilusionadas, que teñen a cabeza e o corazón en Teo.

Nesta candidatura unimos a xuventude, temos o candidato máis novo, coa competencia e experiencia dos demais membros.

Unha nova xeración disposta a darlle vida a Teo, con propostas, con iniciativas pero tamén con preparación e capacidade técnica e política para resolver os problemas que vaiamos atopando no camiño.

O noso contrato é co pobo de Teo.

Traballaremos arreo para non deixar a ninguén atrás, a cidadanía orgullosa de ser deste concello debe ser o motor no que sustentemos os cambios e melloras nas que cremos e que o BNG vén demostrando por Galiza adiante que é posible crer. Só precisamos que vos apuntedes ao reto.



UN
NOVO TEO

PARROQUIA
A PARROQUIA

VILARIÑO